

1. DATOS IDENTIFICATIVOS DA DISCIPLINA	
<b>CÓDIGO</b>	
<b>MATERIA</b>	Prácticas de Interpretación
<b>DISCIPLINA</b>	Interpretación V
<b>TITULACIÓN</b>	Titulación Superior en Arte Dramática
<b>ESPECIALIDADE</b>	Interpretación
<b>ITINERARIO</b>	Textual
<b>CURSO</b>	3º (Grupo A)
<b>CRÉDITOS ECTS</b>	5
<b>CARÁCTER</b>	Obrigatoria
<b>DEPARTAMENTO</b>	Interpretación
<b>CENTRO</b>	Escola Superior de Arte Dramática de Galicia
<b>COORDINADOR/A</b>	Prof. Dr. Ermel Morales
<b>DOCENTE</b>	<b>Nome e apelidos:</b> Prof. Dr. Fernando Á. Llera Rodríguez <b>Horario titorías:</b> <a href="https://esadgalicia.com/curso-escolar/">https://esadgalicia.com/curso-escolar/</a> <b>Despacho:</b> D3 <b>Contacto:</b> <a href="mailto:nandollera@edu.xunta.gal">nandollera@edu.xunta.gal</a>
<b>DESCRIPCIÓN</b>	Análise e estudo sistemático, nunha perspectiva práctica e teórica, da técnica actoral, dos procedementos e recursos expresivos e dos procesos psicofísicos do/da actor/actriz.
<b>COÑECEMENTOS PREVIOS</b>	Ter asimilados os contidos anteriores das disciplinas de Interpretación I, II, III e IV.
<b>LINGUA EN QUE SE IMPARTE</b>	Galego X    Castelán X    Inglés X
2. COMPETENCIAS	
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS DE TITULACIÓN	
<b>T1</b>	Organizar e planificar o traballo de forma eficiente e motivadora.
<b>T6</b>	Realizar autocrítica cara o propio desempeño profesional e interpersonal.
<b>T7</b>	Utilizar as habilidades comunicativas e a crítica construtiva no traballo en equipo.
<b>T11</b>	Desenvolver na práctica profesional unha ética profesional baseada na apreciación e sensibilidade estética, medioambiental e cara á diversidade.
<b>T12</b>	Adaptarse, en condicións de competitividade, aos cambios culturais, sociais e artísticos e aos avances que se producen no ámbito profesional e seleccionar as canles adecuadas de formación continuada.
<b>T13</b>	Buscar a excelencia e a calidade na súa actividade profesional.
<b>T15</b>	Traballar de forma autónoma e valorar a importancia da iniciativa e o espírito emprendedor no exercicio profesional.
<b>T16</b>	Usar os medios e recursos ao seu alcance coa responsabilidade cara o patrimonio cultural e medioambiental.
<b>T17</b>	Contribuír coa súa actividade profesional á sensibilización social verbo da importancia do patrimonio cultural, da súa incidencia nos diferentes ámbitos e na súa capacidade de xerar valores significativos.
COMPETENCIAS XERAIS DA TITULACIÓN	
<b>X3</b>	Potenciar a conciencia crítica, aplicando unha visión crítica construtiva ao traballo propio e ao dos demais, e desenvolvendo unha ética profesional que estableza unha relación adecuada entre os medios que utiliza e os fins que persegue.
<b>X4</b>	Comunicar, mostrando capacidade suficiente de negociación e organización do traballo en grupo, a integración en contextos culturais diversos e o uso das novas tecnoloxías.

<b>X5</b>	Fomentar a expresión e a creación persoal, integrando os coñecementos teóricos, técnicos e prácticos adquiridos; mostrando sinceridade, responsabilidade e xenerosidade no proceso creativo; asumindo o risco, tolerando o fracaso e valorando de maneira equilibrada o éxito social.
<b>X6</b>	Desenvolver unha metodoloxía de traballo, estudo e investigación encamiñada á autoformación na propia disciplina, procurando ámbitos axeitados para a formación continuada e para adaptarse a diversas situacións, especialmente ás derivadas da evolución da súa profesión.
<b>X7</b>	Valorar a Arte Dramática como unha actividade integrada na sociedade e na cultura galegas, coas que comparte obxectivos e retos.
<b>X8</b>	Vincular a propia actividade teatral e escénica a outras disciplinas do pensamento científico e humanístico, ás artes en xeral e ao resto de disciplinas teatrais en particular, enriquecendo o exercicio da súa profesión cunha dimensión multidisciplinar.
<b>COMPETENCIAS ESPECÍFICAS DA ESPECIALIDADE</b>	
<b>EI1</b>	Dominar os recursos expresivos necesarios para o desenvolvemento de procesos de interpretación, actuación e representación, no ámbito escénico e audiovisual.
<b>EI2</b>	Participar na creación da partitura escénica e/ou personaxe, escénico ou audiovisual, e interpretalo adecuadamente, a través do dominio das diferentes técnicas interpretativas.
<b>EI3</b>	Integrar e interactuar coas restantes linguaxes e códigos que conforman o espectáculo escénico ou audiovisual.
<b>EI5</b>	Concibir e fundamentar o proceso creativo persoal, tanto no que se refire ás metodoloxías de traballo como á renovación estética.
<b>3. OBXECTIVOS DA DISCIPLINA</b>	
<b>COMPETENCIAS VINCULADAS</b>	
1. Afianzar os coñecementos adquiridos no curso anterior	T1, T6, T7, T11, T12, T13, T15, T16, T17, X3, X4, X5, X6, X7, X8, EI1, EI2, EI3, EI5
2. Dominar os mecanismos interpretativos internos e externos no proceso de creación da personaxe.	T1, T6, T7, T11, T12, T13, T15, T16, T17, X3, X4, X5, X6, EI1, EI2, EI3, EI5
3. Acadar diversos recursos para afrontar a construción da personaxe dende a caracterización física e vocal.	T1, T6, T7, T11, T12, T13, T15, T16, T17, X3, X4, X5, X6, EI1, EI2, EI3, EI5
4. Dominar técnicas de construción de personaxes para a interpretación nos distintos estilos, tendencias e xéneros teatrais.	T1, T6, T7, T11, T12, T13, T15, T16, T17, X3, X4, X5, X6, EI1, EI2, EI3, EI5
5. Dominar as técnicas de construción de personaxes dramáticos e cómicos e coñecer o repertorio de autores fundamentais.	T1, T6, T7, T11, T12, T13, T15, T16, T17, X3, X4, X5, X6, X8, EI1, EI2, EI3, EI5
6. Coñecer e desenvolver os conceptos de ritmo, movemento, harmonía, equilibrio, espazo e tempo imprescindibles para a construción de cada un dos personaxes a interpretar.	T1, T6, T7, T13, T15, T16, X5, X6, EI1, EI2, EI3, EI5
7. Enmarcar as escenas dentro do seu contexto histórico e relacionalas coa linguaxe que lles corresponde.	T1, T13, T15, T16, T17, X5, X6, X7, X8, EI1, EI2, EI3, EI5
8. Integrar a técnica corporal e a técnica vocal na interpretación.	T1, T6, T12, T13, T15, T16, X3, X5, X6, X8, EI1, EI2, EI3, EI5
9. Potenciar a creatividade persoal do alumnado mediante a procura da súa propia identidade no eido da interpretación e das artes en xeral como disciplina.	T1, T6, T7, T11, T12, T13, T15, T16, T17, X3, X4, X5, X6, X7, X8, EI1, EI2, EI3, EI5

10. Desenvolver o sentido ético profesional, a autocrítica e a auto disciplina no traballo actoral.	T1, T6, T7, T11, T12, T13, T15, T16, T17, X3, X4, X5, X6, X7, X8, EI1, EI2, EI3, EI5		
<b>4. CONTIDOS</b>			
<b>TEMAS</b>	<b>SUBTEMAS</b>	<b>HORAS</b>	
1. Valoración de competencias	1.1 Análise das capacidades interpretativas. 1.2. Valoración do nivel de adquisición de competencias. 1.3. Ferramentas para a resolución de carencias.	3 h	
2. Contidos do curso escolar 2019-2020 da disciplina Interpretación VI, que se incorporan a esta programación.	2.1 Técnicas de improvisación 2.2 A acción dramática 2.3 Características e finalidades da acción 2.4 O espazo e o tempo na acción dramática 2.5 Antecedentes; conflitos e obxectivos <i>*Se fora preciso realizar unha adaptación curricular individual referente as competencias adquiridas durante o confinamento do Covid no curso 2019-2020, será preciso establecer un protocolo de seguimento en tutoría.</i>	12 h	
3. A comedia	1.1. Autoras e autores relevantes do xénero cómico 1.2. O texto cómico 1.3. Composición da personaxe cómica 1.4. A interpretación na súa relación coa totalidade dos elementos do feito teatral 1.5. Integración da técnica na posta en escena 1.6. Asimilación da partitura da personaxe en relación coa obra 1.7. Dinámicas e disciplina no proceso de ensaio	60 h	
4. A <i>Commedia dell'Arte</i>	2.1. A máscara física 2.2. Técnicas de improvisación 2.3. Interdisciplinariedade 2.4. Posta en escena	60 h	
<b>TOTAL HORAS</b>		<b>135</b>	
<b>5. PLANIFICACIÓN DOCENTE</b>			
<b>Actividade / Número de horas</b>	<b>Presencial (horas)</b>	<b>Non presencial (horas)</b>	<b>Total</b>
Presentacións/exposicións	5		5
Debates	5		5
Traballos de aula	20		20
Estudos/actividades previas		5	5
Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma		10	10
Práctica individual	60		60
Práctica colectiva	35		35
Tutorías individuais	4		4
Tutorías de grupo	1		1
Actividades de avaliación. Probas	2		2
Actividades de avaliación. Presentacións/mostras	2		2
Actividades de avaliación. Revisión	1		1

	TOTAL	135	15	150
	PORCENTAXE	90%	10%	100%
<b>6. PLANIFICACIÓN DOCENTE E METODOLOXÍAS DE ENSINANZA E APRENDIZAXE</b>				
<b>Actividades</b>	<b>Descrición</b>			
Presentacións/exposicións:	Exposición por parte do alumnado sobre algún dos contidos da disciplina. Pódese levar a cabo de forma individual ou en grupo.			
Debates:	Charla aberta que pode centrarse nun tema dos contidos da disciplina, na análise dun caso, no resultado dun proxecto, exercicio ou problema.			
Traballos de aula:	O alumnado desenvolve prácticas específicas na aula baixo directrices e supervisión docente. Pode estar vinculado con actividades autónomas do alumno/a.			
Estudos/actividades previas	Procura, lectura e traballo de documentación, propostas de resolución de problemas e/ou exercicios que se realizarán na aula de forma autónoma por parte do alumnado.			
Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma:	Actividade na que se formulan problemas e/ou exercicios relacionados coa disciplina. O/a estudante debe desenvolver a análise e resolución dos problemas e/ou exercicios de forma autónoma.			
Análise de material audiovisual	Visualización de vídeos na aula para o seu análise mediante debates abertos.			
Prácticas/Saídas:	Realización de actividades e mostras de traballo que permiten a integración de varias especialidades e enfrontan ao alumnado, traballando en equipo, a problemas abertos. Permiten interacción das competencias da disciplina e adestrar, entre outras, as capacidades de aprendizaxe en cooperación, de organización, de comunicación e de fortalecemento das relacións persoais. Estas prácticas poden realizarse por medio da exhibición de traballos fóra da escola.			
Titoría de grupo:	Entrevistas que o alumnado mantén co/a docente da disciplina para asesoramento/desenvolvemento de actividades da disciplina e do proceso de aprendizaxe.			
Titorías individuais:	Entrevistas que o/a estudante mantén co/a docente da disciplina para asesoramento/desenvolvemento de actividades da materia e do proceso de aprendizaxe.			
<b>7. ATENCIÓN PERSONALIZADA</b>				
Seguimento	O docente poderá modificar as actividades diarias de aula para facilitar a súa asimilación por parte de todo o alumnado.			
Orientación	O docente analizará, e de ser o caso, modificará os contidos do currículo en función das diversas necesidades do alumnado. (Esta medida deberá ser supervisada e aprobada polo Departamento de Interpretación e a Xefatura de Estudos e só será aplicable tras o estudo concreto do caso).			
<b>8. FERRAMENTAS DA AVALIACIÓN</b>				
<b>8.1. Avaliación ordinaria</b>				
<b>Ferramenta / actividade</b>	<b>Competencias avaliadas</b>		<b>Ponderación</b>	
Seguimento diario: consistente na observación e avaliación dos procesos de traballo, mediante á asistencia ás sesións de aula.	T1, T6, T7, T11, T12, T13, T15, T16, T17, X3, X4, X5, X6, X7, X8, EI1, EI2, EI3, EI5		40%	
Traballos teóricos: consistentes na	T1, T13, T15, T16, X5, X6, X7, EI1,		20%	

presentación dunha memoria diaria do proceso de traballo, na que se valorará á investigación e aportación de materiais externos ao exposto na aula	EI2, EI3, EI5	
Mostra pública: consistente na elaboración grupal e presentación pública dunha peza completa.	T1, T6, T7, T11, T12, T13, T15, T16, T17, X3, X4, X5, X6, X7, X8, EI1, EI2, EI3, EI5	40%
<b>8.2. Avaliación extraordinaria</b>		
<b>Ferramenta/actividade</b>	<b>Competencias avaliadas</b>	<b>Ponderación</b>
Posta en escena dunha peza de comedia, que terá unha duración mínima de 30 minutos, e máxima de 60, e contará, de xeito obrigatorio, coa participación de entre 2 a 4 intérpretes. O exercicio debe ir acompañado dunha memoria que recolla o proceso de traballo, así como a relación da proposta cos contidos da disciplina sobre a cal o/a docente poderá facer preguntas.	T1, T6, T7, T11, T12, T13, T15, T16, T17, X3, X4, X5, X6, X7, X8, EI1, EI2, EI3, EI5	70%
Recensión dun libro a escoller polo/a alumno/a da bibliografía básica, e posta en relación cos temas da guía docente. Exposición oral do mesmo.	T1, T13, T15, T16, X5, X6, X7, EI1, EI2, EI3, EI5	30%
<b>8.3 Avaliación específica para alumnado sen avaliación continua / ordinaria / extraordinaria</b>		
<b>Ferramenta / actividade</b>	<b>Competencias avaliadas</b>	<b>Ponderación</b>
Posta en escena dunha peza de comedia, que terá unha duración mínima de 30 minutos, e máxima de 60, e contará, de xeito obrigatorio, coa participación de entre 2 a 4 intérpretes. O exercicio debe ir acompañado dunha memoria que recolla o proceso de traballo, así como a relación da proposta cos contidos da disciplina sobre a cal o/a docente poderá facer preguntas.	T1, T6, T7, T11, T12, T13, T15, T16, T17, X3, X4, X5, X6, X7, X8, EI1, EI2, EI3, EI5	70%
Recensión dun libro a escoller polo/a alumno/a da bibliografía básica, e posta en relación cos temas da guía docente. Exposición oral do mesmo.	T1, T13, T15, T16, X5, X6, X7, EI1, EI2, EI3, EI5	30%
<b>9. BIBLIOGRAFÍA, MATERIAIS E OUTROS RECURSOS</b>		
<u>Referencias básicas</u>		

FAVA, Antonio (2007): La máscara cómica en la Commedia dell' Arte. L'Aquila, Arscómica. Colledara, Andrómeda Editrice.  
FERNANDEZ VALBUENA, Ana Isabel (2006): La Comedia del Arte: materiales escénicos. Madrid, Espiral/Fundamentos.  
LECOQ, J. (2003): El Cuerpo poético. Alba Editorial, Barcelona  
LLERA RODRÍGUEZ, Fernando Á. (2017): La didáctica de la Commedia dell'Arte: análisis de su relevancia en la formación actoral. (Tesis doctoral) Universidade de Santiago de Compostela.  
RUDLIN, John. (2007): Commedia dell'Arte an Actor's Handbook. New York, Routledge.  
VORHAUS, John, (2005) : Como orquestrar una comedia, Barcelona, Alba editorial

#### Referencias complementarias

ARISTÓTELES, (2004): Poética, Alianza editorial, Madrid  
BERGSON, Henri, (2008): La Risa: Ensayo sobre la significación de lo cómico. Alianza editorial, Madrid  
BOAL, A, (2001): Juegos para actores y no actores, Alba editorial, Barcelona  
BRECHT, B. (2004): Escritos sobre teatro. Alba editorial, Barcelona.  
CONTIN, Claudia (2003): Los habitantes de Arlequinia. Gijón, Oris Teatro.  
CONTIN, Claudia (2001): Viaje de un actor por la comedia del arte. Gijón, Oris Teatro.  
DOMÉNECH RICO, Fernando (2005): La compañía de los Trufaldines y el primer teatro de los Caños del Peral. (Tesis doctoral) Universidad Complutense de Madrid.  
DIREROT, Denis, (1995): La paradoja del comediante, Mexico, Siglo Veinte.  
FO, Dario (1998): Manual mínimo del actor. Guipuzcoa, Argilaletxe HIRU, Skene.  
JARA, J. (2000): El clown, un navegante de las emociones. Proexdra, Sevilla  
JARA, J., MANTOVANI, A. (2006) El actor creativo, la actriz creativa (manual para conseguirlo), Artezblai, Bilbao  
NICOLL, Allardyce (1977): El mundo de Arlequín. Barcelona, Barral Editores.  
MEYERHOLD, V. A. (2003): Teoría Teatral. Madrid. Fundamentos.  
PÉREZ, Miguel Ángel, (1998): Estudios sobre el teatro del renacimiento, UNED.  
RODRÍGUEZ, E. (1998): La técnica del actor español en el Barroco, hipótesis y documentos, Castalia, Madrid  
RUIZ, Borja, (2008): El arte del actor en el siglo XX, Artezblai, Bilbao  
URIBE, M<sup>a</sup> de la Luz. (1983): La comedia del arte Barcelona, Ediciones Destino.

#### **10. OBSERVACIÓNS / RECOMENDACIÓNS**

Para aprobar a disciplina o/a estudante debe superar todos os traballos propostos. A mostra de traballo é obrigatoria, constará dun mínimo de catro pases públicos e un ensaio xeral, e poderá realizarse dentro e/ou fóra do centro educativo, tal e como se indica na planificación docente.

Recoméndase o emprego de roupa cómoda e de cor neutra, preferiblemente negra.

**Nota: Os traballos teóricos terán unha presentación APA, tal e como recolle o manual de calidade da ESAD. Sección 7. Planificación da ensinanza. IP701.14 Normas presentación traballos e TFE**

<https://esadgalicia.com/calidade/>

#### **MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS**

Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a ESAD de Galicia establece unha planificación extraordinaria que se **ACTIVARÁ NO MOMENTO EN QUE A ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA O DETERMINE**, atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da presente programación docente. No suposto de que se produza unha emerxencia, a presente programación non sufrirá máis modificación que a derivada da necesidade de articular unha avaliación non presencial, para o que se establecerán as adaptacións necesarias nas actividades e ferramentas de avaliación, en relación coas competencias que se indican e coa ponderación que se sinala. Para o caso da avaliación non presencial de toda a disciplina, as ferramentas e actividades de avaliación serán as que seguen:

#### **ACTIVIDADE 1**

Seguimento das aulas prácticas via telemática. Esta actividade se realizará en directo na plataforma webex ou a través da visualización de material audiovisual indicado polo docente.

Competencias: T1, T6, T7, T11, T12, T13, T15, T16, T17, X3, X4, X5, X6, X7, X8, E11, E12, E13, E15

Ponderación 30%

#### **ACTIVIDADE 2**

Recensión sobre un dos libros da bibliografía básica. O traballo consistirá na elaboración dun resumo crítico, que deberá incluír:

- 1: introdución, onde se razonen os motivos da elección do libro e se presenten os contidos do traballo
- 2: resumo dos capítulos incluíndo unha breve reflexión persoal ao final de cada un.
- 3: Conclusións, que poñan en común as reflexións persoais, os contidos do libro e o traballo de aula. Reflexión sobre as posibilidades de transmisión do aprendido a outros contextos ou xéneros escénicos.
- 4: Anexos, onde se incluírá todo tipo de material (imaxes, links, etc.) que poidan complementar o exposto no traballo.

Competencias: T1, T13, T15, T16, X5, X6, X7, E11, E12, E13, E15

Ponderación: 15%

#### **ACTIVIDADE 3**

Traballo teórico sobre a peza

1. Análise da personaxe a interpretar.
  - 1.1. Caracterización interna e externa.
  - 1.2. Proposta de caracterización e vestuario (foto e xustificación).
2. Análise da/s escena/s nas que intervéñen a personaxe: temas, conflitos.
  - 2.1. Análise da bio-bibliografía do autor e a época para establecer puntos de converxencia e diverxencia.
3. Conclusións.

Competencias: T1, T6, T7, T11, T12, T13, T15, T16, T17, X3, X4, X5, X6, X7, X8, E11, E12, E13, E15

Ponderación: 15%

#### **ACTIVIDADE 4**

Traballo práctico sobre a personaxe. *Zibaldone*: o alumnado realizará un traballo práctico onde amose a combinación dos recursos acadados nas aulas prácticas (Actividade 1) e os resultados da investigación teórica (Actividades 2 e 3). O debandito traballo consistirá na elaboración dunha peza individual dun mínimo de 5 minutos e máximo de 15, segundo os criterios que indicará o docente. A grabación será en plano xeral e sen movementos de cámara.

Competencias: T1, T6, T7, T11, T12, T13, T15, T16, T17, X3, X4, X5, X6, X7, X8, E11, E12, E13, E15

Ponderación: 40%

\*No caso de que o tránsito se produza iniciado xa o curso escolar, o profesorado combinará a avaliación do traballo presencial do alumnado coa avaliación do traballo non presencial, determinando as ferramentas (presenciais e non presenciais) a utilizar e a ponderación das mesmas.

**AS PRESENTES MEDIDAS PODERÁN SER OBXECTO DE MODIFICACIÓN EN FUNCIÓN DAS DIRECTRICES OU INSTRUCIÓN QUE POIDA FACER PÚBLICAS A ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA, QUE SE COMUNICARÁN EN TEMPO E FORMA AO ALUMNADO POLAS CANLES HABITUAIS (PÁXINA WEB E CORREO ELECTRÓNICO).**